

## XIII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

Un inferno para mulleres.

**Rianxo – Boiro – Lousame**

6, 7 e 14 de outubro de 2023

### Xustificación

A convocatoria do Seminario constitúe, globalmente, unha proposta para a reconstrución da memoria democrática no contexto escolar. Preténdese suxerir aos asistentes unha reflexión sobre o fenómeno da represión, sobre a desapiadada depuración sufrida pola poboación e, especificamente, en Rianxo e Lousame. O obxectivo último do Seminario persegue posibilitar un mellor coñecemento do noso pasado máis recente e provocar tamén que a actualización dos coñecementos sobre os temas abordados nesta edición contribúa, no alumnado indirectamente beneficiario da reflexión, á comprensión do presente e á adopción dunha actitude responsable e solidaria na defensa da liberdade, da democracia e da xustiza.

### Obxectivos da actividade

1. Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espazo, os feitos, personaxes, problemas, etapas e procesos máis significativos sobre o fenómeno da represión, sobre a desapiadada depuración sufrida pola poboación.
2. Distinguir e valorar os trazos permanentes dos procesos de transformación e cambio nos diferentes períodos, analizándoos desde a realidade dos nosos días.
3. Situar estes procesos históricos no contexto de Galicia e do Estado.
4. Contribuír ao desenvolvemento dunha sensibilidade comprometida, responsable e activa coa liberdade, a democracia e a xustiza.
5. Colaborar na consolidación de actitudes e hábitos de tolerancia e de defensa dos dereitos humanos.

### ORGANIZADORES:



### COLABORADORES:

- IES FELIX MURIEL
- ASOCIACIÓN CULTURAL BARBANTIA
- IGALHIS, INSTITUTO GALEGO DE HISTORIA
- REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN
- MURGUIA REVISTA GALEGA DE HISTORIA
- CONCELLO DE RIANXO
- CONCELLO DE BOIRO
- CONCELLO DE LOUSAME

**PROGRAMA**
**Venres, 6 de Outubro de 2023**
**IES FÉLIX MURIEL – RIANXO**

16.30 17.00	RECEPCIÓN E ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN
17.00 17.15	INAUGURACIÓN DO SEMINARIO Alcalde de Rianxo Director do IES <i>Félix Muriel</i> Presidenta da Asociación Cultural <i>Barbantia</i> Presidente <i>Comisión Pola Recuperación Da Memoria Histórica Do Barbanza</i> Presidenta de <i>Nova Escola Galega</i> Coordinador do Seminario
17.15 17.30	IN MEMORIAM: XOÁN XOSÉ FERNÁNDEZ ABELLA <b>Xosé Manuel Lobato Martínez</b>
17.30 18.30	EXPOSICIÓN AS CORES DA MEMORIA E CONFERENCIA REPRESALIADOS DE TEO: o retrato como dignificación <b>Carme Rodríguez Rey, Miguel Paz Cabo, Alfonso Martínez López</b>
18.30 19.00	Descanso
19.00 20.30	HOMENAXE E OFRENDA FLORAL AS E OS REPRESALIADAS/OS POLO FRANQUISMO NO CAMPO DE CONCENTRACIÓN EN RIANXO

**Sábado, 7 mañá de outubro de 2023**
**IES FÉLIX MURIEL – RIANXO**

10.00 11.00	CONFERENCIA-COLOQUIO O patronato franquista: un inferno para mulleres aínda descoñecido <b>Montse Fajardo Pérez</b> , xornalista, investigadora e ensaísta galega.
11.00 12.00	CONFERENCIA-COLOQUIO "Non era unha represión individual, pretendía acabar coa idea da semente a través das familias" <b>X. Ramón Paz Antón, Helena Pousa Ortega, Marga do Val (Marga Romero Lorenzo).</b>
12:00 12.30	descanso
12.30 14.00	PRESENTACION DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DA USC SOBRE A MEMORIA HISTORICA <b>Alba Garrido:</b> Os deportados galegos nos campos de concentración da Alemaña Nazi- caso da comarca do Barbanza.. <b>Iría Morgado:</b> Accións da memoria (1976-1986).Estado da investigación.
14.00 16.00	Almorzo (xantar)

**Sábado, 7 tarde de outubro de 2023**

**PAZO DE GOIANS - BOIRO**

16.00 17.00	CONFERENCIA-COLOQUIO <i>Vermellos e laicos, A represión fascista do maxisterio coruñés</i> <b>Narciso Gabriel Fernández</b>
17:00 17:30	PRESENTACIÓN Revista Galega de Educación Ana Parada Gañete e Uxía Bolaño Amigo
17.30 18.00	Descanso
18.00 19.00	CONFERENCIA-COLOQUIO <i>A represión no Barbanza (1936-1948) as cifras e os nomes</i> <b>Xoán Fernández Callón</b>
19.00 19.45	ACTO HOMENAXE – OS QUINQUILLAS, BARAHUNDA
19.45 20:00	ACTO DE CLAUSURA Alcalde de Boiro Coordinador do Seminario

**Sábado, 14 de outubro 2023**

**LOUSAME**

10.00 14.00	TRABALLO DE CAMPO I <i>Roteiro polos lugares da memoria en Lousame</i> <b>Xan Hermida, Xesús Santos.</b>
14.00 16.00	Almorzo (xantar)
16.00 19.00	TRABALLO DE CAMPO II <i>Roteiro polos lugares da memoria en Lousame</i> <b>Xan Hermida, Xesús Santos.</b>
19.00 20.00	Avaliación do seminario, conclusións e clausura

O Seminario contará coa presenza de **Fernanda Cedrón**, neta do *Gardarríos*, e asistirán tamén outros familiares de persoas que foron represaliadas.

**VALORACIÓN EN HORAS:**

20 horas

**NÚMERO DE PRAZAS:**

50, por rigorosa orde de inscrición

**DESTINATARIAS/OS:**

Persoal docente do ensino público e concertado, e en paro.

**CRITERIOS DE SELECCIÓN:**

As características da actividade aconsellan un número limitado de asistentes. En consecuencia, o criterio de selección virá determinado pola rigorosa orde de inscrición, entendendo por tal a recepción da ficha de inscrición no enderezo sinalado na publicidade da actividade.

**INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:**

[www.neg.gal](http://www.neg.gal)

<https://forms.gle/E71ExqK6VQteQc1x6>

